



MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL FERROL EN COMÚN PARA A AMPLIACIÓN DA RESIDENCIA DE MAIORES DE CARANZA

O Grupo Municipal Ferrol en Común, ao abeiro do disposto nos artigos 104 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, presenta no Pleno da Corporación Municipal a moción para a ampliación da residencia de maiores de Caranza.

Exposición de motivos

O envellecemento da poboación en Ferrolterra é unha realidade que esixe unha resposta áxil e efectiva por parte das administracións públicas. No marco do Estatuto de Autonomía establécese expresamente como competencia exclusiva de Galicia a asistencia social, no seu artigo 27, punto 23, o que significa que non podemos deixar en mans privadas a dignificación do último tramo de vida dos nosos maiores. Temos que lamentar que ese obxectivo está lonxe de acadarse, vemos nos medios de comunicación continuamente como persoas morren no seu fogar na máis absoluta soidade, novas que nos desgarran pero que non poden quedar nunha mera declaración de intencións.

Por parte da Xunta de Galicia anunciouse no ano 2019 o desembarco dun investimento privado millonario para a construción dunha serie de residencias de maiores ao longo do país, proxecto que asumía en financiamento o iniciado xa pola Consellería de Política Social con anterioridade e que prevía ese centro no Boial. Malia as reticencias a nivel

técnico, toda vez que non se garantía que sería un centro 100% público, deuse curso a ese proxecto someténdoo a informe técnico e patrimonial por parte dos servizos municipais.

No pleno de outubro a cidadanía de Ferrol puido observar atónita como o actual alcalde levaba a pleno un cambio de localización sen algo que parece non existir no seu dicionario particular: diálogo previo, consenso entre as partes e finalmente os votos necesarios.

Dende Ferrol en Común consideramos esta cuestión como crucial, demasiado como para banalizar e antepoñer intereses espurios e partidistas propios da prepolítica ao fin superior para o que fomos escollidos e escollidas: mellorar a vida da xente do común.

Por iso, creímos necesario ir á raíz do problema, e mantivemos con quen pode dar a mellor visión do que está a acontecer: o comité de empresa da Consellería de Política Social, que día a día ve como se degrada un servizo público esencial, que debe ser visto en termos de eficiencia social e non monetaria ou economicista.

Froito desa xuntanza, co rigor técnico necesario, presentamos esta moción co seu respaldo, que pretende recuperar o proxecto avalado polo PSOE no goberno do bipartito, e que entendemos que nesta moción non pode deixar de respaldar por coherencia política e por argumentos que se amosan incontestables.

Cómpre facer memoria e lembrar que por un desastre de contratación administrativa a residencia tivo dúas plantas pechadas durante anos, presentaba serios problemas de accesibilidade e mobilidade e a falta de dilixencia derivou a ducias de persoas a centros afastados do seu núcleo familiar, mesmo a lugares coma Lugo ou Vimianzo.

E tamén resulta indispensable facer memoria, para o que temos unha hemeroteca nada sospeitosa, por certo, de favorecer os nosos intereses, pero que pode ser recorrente para dilucidar que xustificación se vai ter por cada grupo en caso de non respaldar esta moción. E así dicía A voz de Galicia no 2009:

La Xunta ampliará con 81 nuevas plazas la residencia de mayores de Caranza

El Gobierno de Alberto Núñez Feijoo ha reservado en el borrador de los Presupuestos para el próximo año una partida de 5,2 millones de euros que destinará a la ampliación de la única residencia de mayores pública de Ferrol, la ubicada en el barrio de Caranza. Se trata de un proyecto que ya se había comprometido a realizar el anterior ejecutivo gallego, pero que finalmente se quedó demorado debido a distintos problemas, entre ellos, que la Xunta ha tenido que pedir a la Seguridad Social, propietaria del inmueble, que autorice la reforma.

La obra tendrá una gran repercusión desde el punto de vista asistencial, ya que supondrá la creación de 81 nuevas plazas. Se trata de una demanda planteada desde hace años desde distintos ámbitos, por cuanto los últimos centros de atención a la tercera edad han procedido en las últimas décadas de la iniciativa privada y no de la pública. En estos momentos, el centro cuenta con 142 puestos para personas que pueden valerse por sí mismas y otros 49 para asistidos. Precisamente será el módulo de los residentes con necesidad de ser asistidos el que experimentará la ampliación, y pasará a tener 130 plazas, 81 más que actualmente. También se habilitará una nueva enfermería con siete espacios por si los mayores necesitan ser ingresados. Así, el centro, que abrió sus puertas hace 32 años, verá incrementada su capacidad en un 32%

Pese a la demora que ha experimentado este proyecto, fuentes de la Xunta han explicado que en estos momentos se ultiman ya los trámites para licitar los trabajos, aunque por el momento no han concretado qué plazo máximo barajan para tal fin.

Para la materialización de la ampliación, el Concello ferrolano ya había pedido la licencia de obras, en la que la Xunta había establecido que ejecutaría el incremento de la capacidad de este edificio en un plazo máximo de dos años.

Por otra parte, el edificio está siendo objeto en estos momentos de algunas reparaciones, aunque estas obras no están incluidas en el proyecto de ampliación del inmueble que el Gobierno autonómico financiará a través de la Sociedade Pública de Investimentos.

Convenio con el Concello

El proyecto de ampliación de la residencia de Caranza es uno de los compromisos firmados entre el bipartito (PSOE y BNG) que gobernó la comunidad en la anterior etapa política y el Concello ferrolano.

En consecuencia, Ferrol en Común, propón ao pleno:

1.- Que se desenvolva un convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e o Concello de Ferrol para a construción, en aras a unha mellor prestación do servizo, pola centralización de servizos, prestación pública e aforro en temas comúns, do módulo proxectado na Residencia de maiores de Caranza, cun incremento de máis de 80 prazas.

2.- Que se garanta e blinde a Residencia de maiores de Caranza cun 100% de xestión pública, co incremento de persoal necesario e sen ningún tipo de externalizacións, que sometan a clase traballadora a convenios inxustos e empobrecedores, e que inclúa expresamente algo que non se dá, a compensación do traballo en domingos e festivos, para evitar ratios inasumibles para as profesionais que atenden a usuarios e usuarias necesitados dunha vida digna.

Ferrol, 27 de xaneiro de 2020

Jorge Suárez Fernández

Voceiro do GM Ferrol en Común